



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E A “ASOCIACIÓN ESPAÑA CON ACNUR (COMITÉ ESPAÑOL DEL ALTO COMISIONADO DE LAS NACIONES UNIDAS PARA LOS REFUGIADOS)” PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ASISTENCIA BÁSICA PARA A POBOACIÓN REFUXIADA SIRIA EN JORDANIA”

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia e o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes:

No ano 2008 asinouse coa Asociación España con ACNUR, Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados, un Acordo marco de colaboración a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de axuda humanitaria en apoio ás persoas refuxiadas. Nese mesmo ano asinouse a primeira addenda ao Acordo Marco por valor de 50.000 € para actuacións no Chad.

Nos anos 2009 e 2010 asináronse dúas novas addendas para a prestación de axuda de emerxencia ás persoas desprazadas internamente en Somalia e para a poboación refuxiada en Uganda, por importe de 60.000 € e 50.000 €, respectivamente.

No 2011, trala extinción da FAHG, asinouse un convenio de colaboración a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE por importe de 25.000 € para o apoio aos refuxiados no leste do Chad, ao que se lle deu continuidade no 2012, asinando un novo convenio de 25.000 € para contribuír a paliar a emerxencia nutricional nos campos



de refuxiados de Dadaab, en Kenya. No 2013 asinouse un novo convenio para paliar as consecuencias do conflito sirio por 10.000 €, no 2014 e 2015 asinouse un convenio por 20.000€ cada ano, que deu acceso a auga potable as persoas refuxiadas sudanesas no leste do Chad.

En resumo, o importe das achegas da Xunta de Galicia a actuacións de acción humanitaria a través da Asociación España con ACNUR no período 2008-2015 ascende a 260.000 €.

(3) **Finalidade** Co fin de xuntar esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e aos dereitos da poboación refuxiada e desprazada de Siria tense previsto formalizar co comité español do ACNUR o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.

(4) O convenio ten por **obxecto** contribuír ao proceso de protección internacional dos/as refuxiados/as sirios/as nos países limítrofes e próximos a Siria (Turquía, Líbano, Jordania e Egipto) asegurando o acceso a servizos de emerxencia. Concretamente proverase de artigos básicos non alimentarios a 88 familias sirias que residen nos campos de Zaatari e Azraq (Jordania), de acordo aos estándares internacionais e en cantidades suficientes para o seu uso doméstico.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



concorrenza pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 20.000 € (vinte mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2017

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

P.D. do 8 de xuño de 2010

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

